

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE COMPOSICIÓN E ARRANXOS I MODIFICADA POLO CONFINAMENTO DA COVID 19
 CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 , DO 29 DE OUTUBRO)
 CURSO ACADÉMICO 2019/20

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN							
DISCIPLINA: COMPOSICIÓN E ARRANXOS I							
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO	JAZZ	
CARÁCTER	OBRIGATORIO				TIPO DE CLASE	COLECTIVA	
DEPARTAMENTO	JAZZ				XEFE/A DE DPTO.	MARCELINO GALÁN	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	ALBERTO M. CONDE DE LEÓN	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII I
ECTS/CUAD.				3			
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA
	ALBERTO M. CONDE DE LEÓN				info@albertoconde.com 657 430540 www.albertoconde.com		Mércores de 11.00 – 12.00

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Principios e requisitos teórico-prácticos relativos á escritura musical de creacións propias do alumnado, sobre os diferentes patróns estético-estilísticos do jazz. Desde os principios formais e estruturais dos referentes clásicos do itinerario da especialidade e da evolución histórica de seu ate a creación contemporánea e de libre elección, desenvolvendo unha metodoloxía evolutiva partindo da creación do guión base ata a orquestración clásica e contemporánea do jazz. Dotar ao alumnado dunha crítica construtiva en todas as tarefas relativas á creación en xeral, en traballos individuais de cara ao pensamento colectivo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os demostrados na proba do acceso e nos anteriores cuatrimestres.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina de Composición e Arranxos garda concordancia coas disciplinas de Análise e Harmonía de Jazz, Conxunto, Orquestra, Instrumento e T. e P. da Improvisación.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI7.
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015 do 29 de Outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Adquirir un coñecemento teórico sobre a instrumentación no jazz e sobre a evolución estrutural na composición da primeira e segunda época do jazz (estandar, blues, rhythm changes, modal, coltrane changes) e da época actual (libre elección).	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22, EI2, EI7.
2. Coñecer todos os recursos formais e estruturais necesarios para a escritura musical dentro das diferentes estéticas e estilos evolutivos, e os diferentes tipos de composición.	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22, EI2, EI7
3. Realización dun mínimo de 6 composicións orixinais dun máximo de 10, segundo as referencias histórico-estilísticas do jazz, utilizando os formatos e a tecnoloxía necesarias para a escrita de seu.	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22, EI2, EI7.
4. Adquirir os coñecementos teóricos e destreza práctica necesaria para a escritura de guías melódicas – lead sheet – cos elementos de análise melódicos e harmónicos dos diversos estilos do jazz.	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22, EI2, EI7.

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A Instrumentación da orquestra de jazz	1.1 Extensión 1.2 Escritura 1.3 Tesitura 1.4 Rexistro 1.5 Transposición	16
2. Estudo de 10 composicións da primeira e segunda época do jazz	<p>2.1. Estudo de 5 composicións correspondentes á primeira época do jazz de entre os seguintes modelos e compositores: <i>Buddy Bolden's Blues</i> (Jelly Roll Morton), <i>Sophisticated Lady</i>, <i>In a Sentimental Mood</i> (Duke Ellington), <i>Days of wine and Roses</i> (Henry Mancini), <i>Night and Day</i> (Cole Porter), <i>My Romance</i> (R. Rodgers & L. Hart).</p> <p>2.2. Estudo de 5 composicións correspondentes á segunda época do jazz de entre os seguintes modelos e compositores: <i>Hallucinations</i>, <i>Boucín with Bud</i> (Bud Powell), <i>Round Midnight</i> (Thelonius Monk), <i>Giant Steps</i>, <i>Countdown</i> (John Coltrane), <i>Pork Pie Hat</i> (Charles Mingus), <i>Time Remembered</i>, <i>Twelve Tones Tune</i> (Bill Evans).</p>	16
3. Composición orixinal	<p>3.1 Realización de 5 composicións correspondentes á primeira época do jazz de entre os modelos das seguintes composicións e compositores: <i>Buddy Bolden's Blues</i> (Jelly Roll Morton), <i>Sophisticated Lady</i>, <i>In a Sentimental Mood</i> (Duke Ellington), <i>Days of wine and Roses</i> (Henry Mancini), <i>Night and Day</i> (Cole Porter), <i>My Romance</i> (R. Rodgers & L. Hart).</p> <p>3.2 Realización de 5 composicións correspondentes á segunda época do jazz de entre os modelos das seguintes composicións e compositores: <i>Hallucinations</i>, <i>Boucín with Bud</i> (Bud Powell), <i>Round Midnight</i> (Thelonius Monk), <i>Giant Steps</i>, <i>Countdown</i> (John Coltrane), <i>Pork Pie Hat</i> (Charles Mingus), <i>Time Remembered</i>, <i>Twelve Tones Tune</i> (Bill Evans).</p>	16
4. As técnicas de composición	4.1 As estruturas clásicas: diferentes escolas. 4.2 A Pedal. 4.3 Obstinado. 4.4 Estructuras Constantes. 4.5 Multitónica. 4.6 Dodecafonismo	16
	TOTAL SESIÓNS	16

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición práctico-teórica: <i>Explicación dos contidos da materia, dende un punto de vista histórico, estético e evolutivo, agás os temas 1 e 4 dos devanditos contidos.</i>	24		24
Traballo individual: <i>Escritura de exercicios de composición e análise e estudo teórico dos apartados 1 e 4 dos contidos da materia.</i>		58	58
Pescuda de información: <i>Audicións das músicas relacionadas cos compositores, como traballo individual de apoio.</i>		4	4
Titorías: <i>Traballos de apoio para aclaracións de dúbidas ou problemas puntuais.</i>		2	2
Actividades de Avaliación: <i>Entrega de traballos e proba escrita relacionada cos contidos 1 e 4 da presente programación.</i>	1. Proba	1.5	1.5
	2. Revisión	0.5	0.5
Observacións: <i>Os diferentes temas e subtemas traballaranse ó longo das sesións, combinando nunha mesma sesión diferentes contidos, polo que o número de sesións indicadas para cada tema é orientativo, sendo a resultante da suma do traballado ó longo de todas as sesións.</i>	TOTAL HORAS:		90

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Actitude na clase (asistencia, puntualidade, comportamento e traballos complementarios etc.)	<p>Por tratarse dunha materia de avaliación continua, presencial ou telemática, valorarase a asistencia, a puntualidade e actitude na clase, durante o primeiro cuatrimestre e ás 5 sesións do segundo cuatrimestre, previas ó confinamento decretado polo Estado de Alarma.</p> <p>Valoraranse todos os traballos metodolóxicos e de investigación complementarios que se realizaran neste período e durante o confinamento.</p> <p>Valoraranse en positivo as clases telemáticas, non presenciais derivadas do período do confinamento, pero nunca en negativo.</p>	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12. X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22. EI2, EI7.	20%
Aptitude na clase - capacidade para asimilar os contidos e avaliación continua.	<p>Por tratarse dunha materia de avaliación continua, presencial ou telemática, valorarase a capacidade de traballo na clase incluíndo a autocorrección do proceso creativo, as correccións indicadas na clase, o traballo técnico e a calidade musical das composicións realizadas durante o primeiro cuatrimestre e durante ás 5 sesións do segundo, previas ó confinamento decretado polo Estado de Alarma.</p> <p>Valoraranse en positivo as clases telemáticas, non presenciais derivadas do período do confinamento, pero nunca en negativo.</p>	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12. X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22. EI2, EI7.	20%
Entrega de composicións	<p>Por tratarse dunha materia de avaliación continua, presencial ou telemática, valorarase a entrega puntual das composicións propias dos alumnos/as, (guías melódicas e análises destas), debidamente cumprimentadas e correxidas durante o primeiro cuatrimestre e durante as 5 sesións do segundo cuatrimestre, previas ó confinamento decretado polo Estado de Alarma.</p> <p>Valoraranse en positivo as clases telemáticas, non presenciais derivadas do período do confinamento, pero nunca en negativo.</p> <p>Será de carácter obrigatorio para acadar a avaliación continua, a entrega dun mínimo de 6 composicións coas análises melódica e harmónica correspondentes., segundo os puntos 3.1 e 3.2 dos Contidos e Temporalización da presente programación.</p>	T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12. X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22. EI2, EI7	60%

6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)

<p>Entrega de composicións e exame teórico</p>	<p>Por tratarse dunha materia de avaliación continua, presencial ou telemática, valorarase a entrega puntual das composicións propias dos alumnos/as, (guías melódicas e análises destas), debidamente cumprimentadas e correxidas durante o primeiro cuatrimestre do curso 2019-20 e durante as 5 sesións do segundo cuatrimestre do mesmo curso, previas ó confinamento decretado polo Estado de Alarma, caso de se presentar no curso 2020-21.</p> <p>Valoraranse en positivo as clases telemáticas, non presenciais derivadas do período do confinamento, pero nunca en negativo.</p> <p>Será de carácter obrigatorio para acadar a avaliación, a entrega dun mínimo de 6 composicións coas análises melódica e harmónica correspondentes, debidamente correxida unha semana antes do adianto de convocatoria, segundo os puntos 3.1 e 3.2 dos Contidos e Temporalización da presente programación.</p> <p>Hai que ter en conta que esta avaliación sería efectiva en decembro do curso 2020-21, mentres non existan cambios oficiais que determinen o contrario.</p>	<p>T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22. EI2, EI7</p>	<p>100%</p>
--	--	--	-------------

6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)

A avaliación alternativa - perda de avaliación continua aplicarase caso de superar 4 faltas por cuatrimestre

<p>Entrega de composicións e exame teórico</p>	<p>Será de carácter obrigatorio para acadar a avaliación, alternativa, a entrega puntual dun mínimo de 6 composicións co análise melódico e harmónico correspondente, segundo as medidas do confinamento decretado polo Estado de Alarma.</p> <p>Valoraranse en positivo as posibles clases telemáticas, solicitadas polo alumno/a durante o período do confinamento, pero nunca en negativo.</p>	<p>T1, T2, T3, T4, T8, T11, T12, X1, X2, X3, X4, X11, X20, X22. EI2, EI7</p>	<p>100%</p>
--	---	--	-------------

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

<p>Entrega de composicións e exame teórico</p>	<p>Por tratarse dunha materia de avaliación continua, presencial ou telemática, valorarase a entrega puntual das composicións propias dos alumnos/as, (guías melódicas e análises destas), debidamente cumprimentadas e correxidas</p>	<p>T1, T2, T3, T6, T8, T13, T15, X1, X2, X3, X6, X8, X9, X10, X11, X13, X21, X24, X25. EI1, EI2, EI4,</p>	<p>100%</p>
--	--	---	-------------

	<p>durante o primeiro cuadrimestre e durante as 5 sesións do segundo cuadrimestre previas ó confinamento decretado polo Estado de Alarma.</p> <p>Valoraranse en positivo as clases telemáticas, non presenciais derivadas do período do confinamento, pero nunca en negativo.</p> <p>Será de carácter obrigatorio para acadar a avaliación continua, a entrega dun mínimo de 6 composicións coas análises melódica e harmónica correspondentes., segundo os puntos 3.1 e 3.2 dos Contidos e Temporalización da presente programación.</p>	EI5, EI6, EI7, EI10.	

Observacións:

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

Cualificarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión de un decimal, á que poderá engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa (Orde do 30 de setembro de 2010, Artigo 13º, apartado 6)

0-4,9: Suspenso

5,0-6,9: Aprobado

7,00-8,9: Notable

9,00-10: Sobresaliente

A Mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder dunha por cada 20 alumnos/as matriculados nunha materia no correspondente curso académico.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
* No presente curso non está matriculado na materia alumnado con necesidades educativas especiais.	

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

1.Referencias básicas:

Modal Jazz Composition and Harmony volume I y II	Ron Miller	Advance Music
Jazz Arranging and Composing: A linear Approach	Bill Dobbins	Advance Music
Changes Over Time: The Evolution of Jazz Arranging	Fred Sturm	Advance Music

2. Referencias complementarias:

The New Real Book 1	Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 2	Ed. Sher Music Co.
The New Real Book 3	Ed. Sher Music Co.
Real Jazz Book	Ed. Hal Leonard
Jazz Fake Book	Ed. Hal Leonard

RECURSOS MATERIAIS

Os recursos materiais para levar a cabo o desenvolvemento desta materia son os seguintes:

- Un encerado pautado.
- Unha mesa para o profesor.
- Un ordenador con programa editor e secuenciador para a escoita de referencias.
- Un piano de cola.